



### XUNTA DE GALICIA

#### SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

##### Anuncio

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

FHL STUDIO PROJECT S.L. solicita de Augas de Galicia a legalización e autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.81463.

As obras solicitadas consisten nas obras de execución dunha adecuación dunha terraza anexa á unha vivenda principal mediante o acristalamento e a cuberta da mesma, no predio coa seguinte referencia catastral 27002A106102060001TR; na zona de policía do rego de Adelán, no lugar de Muíño do Pazo, parroquia de San Sebastián de Carballido, no concello de Alfoz, Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Alfoz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 18 de maio de 2022.- O xefe do Servizo Territorial de Lugo P.S. 18/08/2021, O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte, Néstor Rodríguez Arias.

R. 1276

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### INTERVENCIÓN

##### Anuncio

Aprobado definitivamente o Expediente de "Corrección de erros da modificación de crédito aprobada polo Pleno en sesión extraordinaria de 05.04.2022", aprobado inicialmente polo Pleno en sesión ordinaria de 26.04.2022, en cumprimento do disposto no art. 169 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido la Lei reguladora de Facendas Locais, fanse públicos os seguintes resumos:

#### Estado de GASTOS

Capítulos	Consignación actual	Modificacións	Consignación final
I. GASTOS PERSONAL	29.501.393,06		29.501.393,06
II. GTOS.BENS CORRENTES E SERVIZOS	34.406.459,32	389.050,00	34.795.509,32
III. GTOS. FINANCEIROS	241.900,00		241.900,00
IV. TRANS.CORRENTES	28.298.596,21	181.500,00	28.480.096,21
V. FONDO DE CONT. E OUT. IMPREV.	376.487,65		376.487,65
VI. INVESTIMENTOS REAIS	30.043.779,14	205.000,00	30.248.779,14
VII. TRANS.CAPITAL	33.089.561,30	2.544.088,32	35.633.649,62

VIII. ACTIVOS FINANCEIROS	847.669,87	847.669,87
IX. PASIVOS FINANCEIROS	1.613.464,33	1.613.464,33
<b>TOTAL</b>	<b>158.419.310,88</b>	<b>3.319.638,32</b>
		<b>161.738.949,20</b>

**Estado de INGRESOS**

Capítulos	Previsión actual	Modificacións	Previsión final
1. IMPOSTOS DIRECTOS	6.239.381,06		6.239.381,06
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	7.281.211,74		7.281.211,74
3. TAX., PREC. PÚBL. E OUTROS INGR.	4.336.722,48		4.336.722,48
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	78.931.534,08		78.931.534,08
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	35.000,00		35.000,00
6. ALLEAMENTO DE INVER. REAIS	300.000,00		300.000,00
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.837.174,50		1.837.174,50
8. ACTIVOS FINANCEIROS	59.458.287,02	3.319.638,32	62.777.925,34
9. PASIVOS FINANCEIROS			0,00
<b>TOTAL</b>	<b>158.419.310,88</b>	<b>3.319.638,32</b>	<b>161.738.949,20</b>

O que se fai público aos efectos oportunos.

Lugo, vinte e catro de maio de dous mil vinte e dous.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca. **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1337

**CONCELLOS****ALFOZ***Anuncio*

Por non terse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario aprobatorio da ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO DA PISTA DE PÁDEL MUNICIPAL DO CONCELLO DE ALFOZ adoptado en sesión ordinaria de 25 de marzo de 2022, cuxo texto faise público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local.

**ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO DA PISTA DE PÁDEL MUNICIPAL DO CONCELLO DE ALFOZ,**

Logo da construción no ano 2021 da pista de pádel en A Seara, fonte a dependencias da Casa Consistorial tras convenio coa Secretaria Xeral do Deporte de Galicia, se entende necesario de cara ao seu disfrute polos veciños e demais usuarios, regular o seu funcionamento, así como a identificación e reparto de responsabilidades .

**ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO DA PISTA DE PÁDEL MUNICIPAL DO CONCELLO DE ALFOZ.****PREÁMBULO****CAPÍTULO I. - DISPOSICIÓN XERAIS.****CAPÍTULO II. - CARACTERÍSTICAS DAS INSTALACIÓNS.****CAPÍTULO III. - ACCESO ÁS INSTALACIÓNS.****CAPÍTULO IV. - NORMAS DE USO DA PISTA DE PÁDEL MUNICIPAL.**

## **CAPÍTULO V. – INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

### **DISPOSICIÓNS FINAIS.**

#### **PREÁMBULO.**

De conformidade co indicado no Artigo 129 da Lei 39/20215, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no exercicio da potestade regulamentaria as Administracións Públicas actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

O Regulamento de uso da pista de pádel municipal de Alfoz resulta necesario para ordenar o uso das citadas instalacións como ben de servizo público, cunha pluralidade indeterminada de usuarios de distintos sectores de idade, entendéndose que é de interese xeral trasladar ao público cales son as normas de utilización dun espazo colectivo co fin de garantir a convivencia nun espazo común, o cumprimento das normas vixentes, o fomento de actividades deportivas e de lecer como coadxuvantes de hábitos e formas de vida saudables, etc.

O artigo 25.2.l) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece como competencia propia da entidade local a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

A pista de pádel, en tanto é instalación destinada á prestación de servizo público de fomento de actividades deportivas, e ao abeiro da definición contida no artigo 4 do Regulamento de Bens das Entidades locais ( Real Decreto 1372/1986) , é un ben de dominio público. Segundo o artigo 75 da mesma norma, no bens de dominio público distínguense os seguintes usos:

- uso común, do que poden facer todos os cidadanos indistintamente, que pode ser xeral ou especial se concorren circunstancias especiais de intensidade de uso, peligrosidade.....
- uso privativo, que é a ocupación dun ben de dominio público que exclúe ou limita a utilización do ben polos demais por certa fixeza ou solidez nas instalacións ou ben por vocación de permanencia prolongada.
- Uso normal ou uso anormal, segundo sexa ou non conforme co destino principal do ben.

Os usos privativos e os usos anormais están por lei suxeitos a concesión, mentres que os demais usos se regulan por autorización ou licencia.

**O presente Regulamento ten como obxecto establecer as condicións para o otorgamento das citadas licencias ou autorizacións, que en todo caso son revocabes por razóns de interese público e sen dereito a indemnización .**

**Pero, ademais, de conformidade co indicado no artigo 32.1 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, os particulares teñen dereito a ser indemnizados polas Administracións públicas de toda lesión que sufran nos seus bens e dereitos, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, salvo nos casos de forza maior ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar segundo a lei.**

**Este principio xeral de responsabilidade patrimonial presenta particularidades cando o dano causado se ten producido durante a práctica dunha actividade deportiva ( sentenza TS 22 de outubro de 1922), porque o risco que pode implicar a actividade deportiva é asumido por quen participa nela, o que supón que non pode ser aplicable a responsabilidade obxectiva da Administración directamente en canto titular da instalación onde se practica o deporte, pero sí habilita a establecer en qué condicións debe ser realizado o mesmo en termos de responsabilidade.**

**O concello asume en todo caso a obriga de que as instalacións ofrezcan as adecuadas medidas de seguridade para a práctica do deporte como medida determinante para evitar que surxa responsabilidade patrimonial pública, pero os usuarios das instalacións tamén deben asumir e coñecer os parámetros que dan contido a un uso responsable e adecuado dunha instalación da que deben poder beneficiarse e disfrutar o maior número posible de usuarios.**

**O citado Regulamento é compatible e complementario coa normativa que sobre a práctica desta especialidade deportiva aproben as entidades competentes, así como coas prescricións da Lei 30/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.**

### **CAPÍTULO I. – DISPOSICIÓNS XERAIS.**

#### **Artigo 1º Fundamento**

El presente Reglamento se dicta, con base no artigo 84.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e ten por obxecto establecer un conxunto de normas e condicións xerais para o funcionamento da Pista de pádel, así como para a planificación do seu uso e reserva.

#### **Artigo 2º Obxecto**

É obxecto da presente ordenanza ordenar o uso das instalacións da pista de pádel do Concello de Alfoz, cos seus distintos elementos, como ben de dominio público ( servizo público) sexa xestionada polo Concello directamente ou ben indirectamente por calquera das modalidades previstas na Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local, e será de aplicación ás actividades que leven a cabo nestes espazos, tanto para regular o uso da pista

mediante a integración dun motor de reservas na web do concello como para establecer as normas xerais de uso.

### **Artigo 3º Finalidades do servizo público.**

Son finalidades do servizo público que se presta na Pista de Pádel Municipal as seguintes:

- a) Promover o acceso da cidadanía sen discriminacións nin límite de idade, á práctica deportiva, como ocupación saudable do tempo de lecer.
- b) Achegar a actividade do pádel aos menores a través dos programas deportivos que se implanten.
- c) Promover cursos de pádel entre os distintos sectores da poboación.
- d) Fomentar e promover o exercicio físico mediante actividades que se realicen nas instalacións da pista de pádel.
- e) Difundir o deporte en idade escolar.
- f) Promover e, no seu caso, executar programas xerais do deporte en coordinación coa Administración autonómica, así como en colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou asociacións deportivas.

### **Artigo 4º Normas xerais de uso.**

Os usuarios e usuarias deben cumprir as normas de uso dos espazos da instalación deportiva.

Ditas normas estarán nun lugar visible da pista de pádel, así como a información que poden consultar no presente regulamento, do cal se terá publicado na web e sede electrónica municipal podendo acceder a través de código Qr ou ligazón ás mesmas para o seu coñecemento.

Os usuarios, igualmente, terán acceso a información sobre medidas que se teña que implementar para cumprir normativas específicas (por exemplo Covid-19).

### **Artigo 5º. Usos preferentes.**

5.1. De conformidade co compromiso asumido por este Concello no convenio de financiamento que permitiu a construción da pista de pádel, no ámbito da programación deportiva desta instalación o Concello facilitará o uso gratuito da instalación para todas aquelas competicións deportivas oficiais organizadas ou promovidas pola Secretaría Xeral para o Deporte, previa sinatura dun convenio de colaboración entre ambas institucións que regule os aspectos específicos destas actuacións.

Así mesmo o Concello de Alfoz comprometeuse a favorecer e facilitar a celebración de competicións deportivas de carácter oficial promovidas palas distintas federacións deportivas de Galicia na citada pista.

Os devanditos usos terán carácter preferente ante calqueira petición de reserva ou reserva efectuada.

5.2. Queda prohibida a utilización das pistas de pádel para dar clases por parte de particulares. Esta actividade unicamente poderá ser desenvolta coa aprobación da Concellería de Deportes do Concello de Alfoz, que poderá restrinxir as reservas en determinadas horas ou días para a realización de actividades programadas, labores de mantemento ou eventos deportivos que obriguen ao seu reserva, quedando anulado ou modificado o sistema de reservas ata a conclusión das devanditas actividades.

5.3. O concello de Alfoz tramitará a inscrición da instalación no Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia, como condición previa para a posibilidade de celebrar competicións de carácter oficial de calqueira ámbito territorial.

5.4. De conformidade co artigo 83 da Lei xeral do Deporte de Galicia, no caso de que o Concello conceda algún tipo de licenza especial de uso, as mesmas serán comunicadas ao Rexistro de Instalación e Equipamentos Deportivos de Galicia para a súa inclusión no censo autonómico.

### **Artigo 6º Reserva das pistas**

1.-As reservas e o acceso á/s pista/s de pádel realizaranse a través das instrucións que figuran na páxina web municipal ([www.concellodealfoz.com](http://www.concellodealfoz.com)) e estará xestionado a través dun sistema de domótica que permite ao usuario tramitar as súas reservas e o acceso á pista de pádel a través do seu teléfono móbil, Tablet ou PC de forma autónoma e segura. Na mesma páxina explicarase de forma clara e sinxela o funcionamento do motor de reservas: calendario de dispoñibilidade segundo código de cores, tempos de reserva, validación de reserva, anulación de reserva, código de acceso, etc.

2.-Desta maneira poderán facer reservas en liña as 24 horas do día con total liberdade, sempre cumprindo os requisitos e condicións que o Concello determinase (días de antelación para reservar, horarios, política de cancelación, etc.).

No momento da reserva é aconsellable comprobar tanto a finalización correcta do proceso de reserva como o día e horario reservado.

3.-Habilitarase unha dirección de correo para comunicar incidencias, suxerencias ou dúbidas sobre o servizo.

4.-A reserva de pista será por unha hora e media. Entre unha reserva e a seguinte establécese un período de cortesía de cinco minutos a fin de que a pista quede baleira para o seguinte usuario e as portas pechadas. Non se permiten dous reservas consecutivas para o mesmo usuario.

5.-Os usuarios e usuarias poderán reservar e alugar a pista de pádel como máximo con tres días de antelación ao uso da mesma e ao tratarse dun método en liña, a calquera hora do día.

6.-No caso de celebración de torneos, clases ou competicións programadas e organizadas polo propio Concello, as horas establecidas quedarán bloqueadas na web non podendo ser reservadas por ningún usuario.

#### **Artigo 7. Acceso á pista**

O día da reserva, o usuario ten que dirixirse á instalación. O sistema de reservas asignaralle un código para desbloquear a fechadura intelixente da pista.

Así mesmo, mediante un sensor crepuscular, detectarase se é necesario no seu horario de reserva o acceso das luces, no caso de que así sexa, o sistema activará de maneira automática as luces, que permanecerán acendidas o tempo que dure a reserva, máis uns cinco minutos de cortesía. As luces apagaranse e as portas bloquearanse, impedindo a entrada.

#### **Artigo 8. Incidencias na utilización**

1.- Unha mala conduta ou un mal uso das instalacións poderá ser sancionada na forma prevista nesta Ordenanza.

2.- O usuario poderá cancelar a súa pista ata 6 horas antes da hora establecida.

#### **Artigo 9. Normas xerais obrigatorias de uso.**

Resulta obrigatorio para os usuarios da pista de pádel o cumprimento do seguinte:

9.1 . Os usuarios da pista de pádel deberán ir correctamente vestidos con roupa deportiva e calzado adecuado ao uso do céspede sintético. En ningún caso se poderá facer uso da pista con roupa de calle e sobretudo, zapatos non deportivo, tipo mocasines ou similar. Está completamente prohibido xogar desprovisto de camiseta, co torso desnudo ou descalzo, para evitar lesións por fricción. Queda prohibido o uso de calzado con tacos e/ou multitacos e chanclas. O calzado debe ter a sola específica para a práctica desta modalidade deportiva, a fin de contribuir ao correcto mantemento das instalacións e evitar lesións.

9.2. Antes de entrar na pista os xogadores deberán eliminar os restos de terra ou barro que puidesen levar as súas zapatillas. Igualmente, ao saír da pista procurarán non deixar abandonados utensilios, complementos, roupas, botes de pelotas ou botellas que utilizasen, depositando todo o que se considere residuo na correspondente papeleira ou contedor.

Os recipientes de todo tipo que se introduzcan no recinto deben ser irrompibles.

9.3. Non está permitido, dentro da pista, utilizar elementos propios doutras prácticas deportivas, especialmente raquetas/pás e pelotas, así como xogar a outras modalidades deportivas distintas á disciplina da práctica do pádel.

9.4. Durante o transcurso do tempo reservado para a práctica da modalidade deportiva non poderá ser utilizada a pista por máis de catro xogadores ao mesmo tempo.

Os acompañantes non poderán acceder á pista, debendo situarse no exterior da mesma. O pádel é un deporte para practicar un máximo de 4 xogadores. Só poderán permanecer na pista os xogadores.

9.5. Non se permite a entrada de animais ao recinto das Pistas.

9.6. A pista debe ser desocupada á finalización da reserva efectuada, independentemente de si a seguinte fracción temporal está reservada ou non.

9.7. Unha vez finalizado o tempo de reserva de uso da pista de pádel , os usuarios deberán abandonar a mesma cerrando obrigatoriamente a porta de acceso .

9.8. Os usuarios da pista de pádel deberán notificar ao Concello de Alfoz calqueira anomalía ou desperfecto que se tivera observado antes de comenazar ou durante o transcurso do xogo, ben telefonicamente ben a través da aplicación de reserva ou por mail ao concello: [concello.alfoz@eidolocal.es](mailto:concello.alfoz@eidolocal.es)

**9.9. Prohibese o uso das pistas de pádel a menores de 16 anos salvo que se atopen baixo a supervisión dunha persoa maior de idade e sexa o maior quen faga a reserva e estea en todo momento na instalación. Os usuarios de 16 e 17 anos deberán contar coa autorización asinada de por o pai/nai ou titor/a legal de devandito menor, salvo emancipación.**

9.10. Os cambios de campo realizaranse exclusivamente a través das portas de acceso ás pistas, non podendo saltar a rede para realizar os devanditos cambios.

9.11. A pista de pádel do Concello de Alfoz é unha pista unicamente de xogo interior. Non está deseñada para xogo exterior coas correspondentes características de portas e espazos exteriores libres para esta modalidade.

9.12. Dentro da pista non está permitido comer, fumar nin introducir obxectos de vidro ou calquera outro que poida causar danos ao céspede artificial, aos cristais ou aos xogadores. Os usuarios e usuarias serán responsables dos danos ocasionados.

9.13. É obrigatorio seguir as indicacións dos responsables da instalación, e ter en conta que antes da práctica deportiva, é recomendable:

1. Quitar e estirar a musculatura antes de entrar na pista.
2. Hidratarse adecuadamente.
3. Estirar os músculos á finalización da actividade.

#### **Artigo 10. Responsabilidade do usuario**

1. O Concello de Alfoz declina toda a responsabilidade das lesións que puidesen orixinar derivadas da práctica deportiva.
2. Os participantes no momento de facer a reserva, manifestan estar fisicamente aptos para realizar a actividade físico-deportiva e o uso do equipamento adecuado para a práctica do pádel, sobre todo no referente ao calzado. Así como o coñecemento e aceptación das normas de uso e demais cuestións recollidas nesta ordenanza.
3. Unha vez concluída a sesión, os usuarios deberán abandonar a pista e recoller todas as súas pertenzas, roupa, pas, pelotas, botellas, botes, etc.
4. Os usuarios deberán seguir as instrucións e requirimentos recollidas nesta ordenanza así como as publicadas a web municipal en relación á pista de pádel.
5. Os usuarios asumen a responsabilidade sobre os danos que produzan nas instalacións tanto por mal uso como por lances do xogo.

#### **Artigo 11. Responsabilidade exonerada**

O Concello de Alfoz non se fará responsable da perda, roubo ou extravío de calquera obxecto que se deixe nos mesmos.

#### **Artigo 12. Horario de uso da pista de pádel**

- De luns a domingo
- De 8:00 a 24:00 horas.

#### **Artigo 13. Obrigacións do persoal**

O persoal municipal asignado ao servizo terá as seguintes funcións:

1. Coidar de que o uso da pista sexa acorde con esta Ordenanza.
2. Propoñer á Corporación municipal medidas adecuadas para o mellor funcionamento.
3. Atender as suxerencias, queixas e reclamacións que formulen os usuarios.
4. Notificar aos usuarios da pista as comunicacións do Concello que directamente lles afecten.
5. Manter continuamente informado o Concelleiro de Deportes ou o encargado destas funcións de todo aquilo que dalgunha relevancia ocorra na pista.
6. Cantas outras funcións resulten desta Ordenanza ou lle foran encomendadas pola Concellería de Deportes.
7. Axudar a toda a persoa que non dispoña da internet ou que lle supoña un esforzo alugar as pistas por este sistema para reservarlles a pista na data e hora solicitada se está dispoñible.

#### **Artigo 14.-. Obrigas do Concello respecto do mantemento das instalacións.**

Dentro das limitacións de dispoñibilidade de medios materiais e persoais do Concello, a fin de garantir un uso seguro e adecuado das instalacións se establecen as seguintes obrigas :

- Para o mantemento das superficies de céspede artificial realizaránse as seguintes tarefas:

1º. Limpeza: eliminación de follas, sementes, malas herbas e todo tipo de restos que poidan descompoñerse e propiciar a aparición de fungos na superficie, con especial intensidade na época otoñal. Se levará a cabo mediante cepillo ou rastrillo suave con dentes de goma ou plástico. Si se utiliza soplador deberáse ter en conta que non se pode afectar á distribución de area en superficie.

2º. Redistribución da area: realizarase con cepillo ancho con hebras de dureza intermedia, equilibrando o nivel de area; o cepillado realizarase en sentido lonxitudinal e transversal alomenos dúas veces ao ano, especialmente antes da etapa primaveral e logo do verán.

3º. Eliminación de fungos e musgos: nas zonas pouco usadas das pistas e sombrías é posible que se formen fungos. Aplicaránse produtos específicos que non teñan base de aceite.

4º. Verificación das xuntas: comprobaráse cunha periodicidade mínima trimestral a ausencia de elevación de xuntas de unión da pista, que deberán ser reparadas de forma inmediata para evitar reparacións máis severas ou accidentes.

5º. A limpeza profunda e descompactación da superficie deberá ser realizada polo menos cada cinco anos, por empresa cualificada do sector, ou cando por circunstancias sobrevenidas, a capacidade de drenaxe da pista esté comprometida.

- Evitaráse a corrosión nos pechamentos con supervisión periódica dos mesmos, e de ser detectado punto de corrosión procederáse inmediatamente polo persoal municipal ao lizado, imprimación e pintado da zona con dobre capa para evitar o progreso do proceso de oxidación.

- Deberá comprobarse de forma periódica que os vidrios non presenten grietas, especialmente na zona de anclaxe. No caso de ter observado algunha, non se permitirá o uso da pista ata realizar o cambio do vidro afectado para evitar rupturas por choque ou cambios térmicos.

- O material de redes e postes deberán ser substituídos en canto se comprobe rutura ou deformación que impida a correcta práctica do deporte.

-En canto ás instalacións lumínicas, realizaránse limpeza periódica de reflectores e cristais, con revisión continua de circuitos eléctricos para evitar puntos quentes por conexións floxas ou deterioros sobrevenidos. Procederáse á substitución das lámpadas cando sexa preciso.

## **RÉXIME SANCIONADOR**

### **Artigo 15. Infraccións**

1. Os usuarios serán responsables dos danos ocasionados podendo impoñerse sancións conforme á normativa legal e o previsto nesta Ordenanza.
2. Se por parte do persoal encargado da instalación se observasen condutas contrarias ao establecido nesta Ordenanza, condutas que afecten á boa orde ou que causen ou poidan causar danos á instalación, o material alugado ou a outras persoas, a persoa responsable será cominada a abandonar o recinto.
3. Terán a consideración de infracción o incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza, de conformidade co establecido no título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, tipificándose como moi graves, graves e leves.

Sen perxuício do regulado nos artigos 192 e seguintes da Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas:

A) Son infraccións moi graves:

- O acceso ilegal ás instalacións.
- A perturbación relevante que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao normal desenvolvemento das actividades deportivas, de Protección da Seguridade Cidadá.
- O impedimento do uso das instalacións aos demais usuarios.
- O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento do servizo.
- A deterioración grave e relevante das instalacións.

b) Son infraccións graves as que supoñan danos en instalacións distintas das enumeradas no apartado anterior.

c) Son infraccións leves calquera outro incumprimento das disposicións da presente Ordenanza que non poidan cualificarse como grave ou moi grave.

### **Artículo 18. Sancións**

1. As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de 1.501,00 ata 3.000,00 euros.
2. As infraccións graves serán sancionadas con multa de 751,00 ata 1.500,00 euros.
3. As infraccións leves serán sancionadas con multa de 30,00 ata 750,00 euros.
4. Xunto coas anteriores sancións pecuniarias poderase impoñer, ademais, como sanción, a prohibición de utilizar as instalacións por tempo de ata 3 meses por infraccións leves e de ata 6 meses para as graves. Para infraccións moi graves poderase impoñer a sanción de prohibición definitiva de uso das pistas, perdéndose a condición de usuario.

**Artigo 19. Procedemento sancionador**

Para a imposición de sancións pola comisión das infraccións descritas tramitarase o correspondente expediente sancionador, conforme as disposicións contidas na Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas do 1 de Outubro.

**Artigo 20. Indemnización de danos e prexuízos**

A imposición das sancións que proceda será independente e compatible coa existencia polo Concello da responsabilidade que corresponda aos usuarios polos danos e prexuízos causados nas instalacións.

**DISPOSICION FINAL. ENTRADA EN VIGOR**

A presente Ordenanza, entrará en vigor logo da súa publicación no Boletín oficial da provincia e transcurra o prazo ao que fai referencia os artigos 49 e 65,2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Contra o presente Acordo se interpondrá recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

En Alfoz, a 18 de maio de 2022.- O Alcalde-Presidente, Jorge Val Díaz.

R. 1277

---

**Anuncio**

Por non terse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario aprobatorio da modificación da Ordenanza Municipal reguladora da concesión de axudas para o fomento da natalidade e o asentamento de poboación do Concello de Alfoz adoptado en sesión ordinaria de 25 de marzo de 2022, cuxo texto faise público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local.

**“ORDENANZA REGULADORA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE E O ASENTAMENTO DE POBOACIÓN NO CONCELLO DE ALFOZ”.**

A citada Ordenanz (expediente 338/2017) foi publicada no BOP de 19 de xaneiro de 2018.

Logo dos primeiros expedientes, dende o servizo propuxeron unha modificación que consistía na existencia de manter o empadronamento do neno e dun dos proxenitores alomenos un ano despois da percepción da subvención, pois se estaba a rexistrar incidencias ao respecto que non eran acordes co espírito da axuda. Así cometeuse a modificación do artigo 6.1 da Ordenanza publicado definitivamente o 14 de agosto de 2018.

Levando a Ordenanza en vigor catro anos se entende agora necesario acometer unha revisión do texto da mesma, que se motiva polas seguintes razóns:

- 1º. Concrétase o concepto de unidade familiar , amplíase o concepto de beneficiario para os adoptantes de nenos de 5 a 8 anos , e se introduce regulación respecto do reparto da axuda no caso da custodia compartida que antes non estaba prevista.
- 2º. Modifícanse os requisitos para ser beneficiarios, eliminando a idade mínima do menor de 6 meses para novas unidades familiares.
- 3º. Se eliminan referencias confusas entre articulado da propia ordenanza establecendo con claridade que é requisito estar empadronados 6 meses antes da solicitude da axuda e mínimo un ano posterior á súa concesión.
- 4º. Elimínase o prazo establecido no artigo 5.3 da obriga de empadronamento no prazo dun mes do recién nacido no Concello, da adopción e para as novas unidades familiares, atendendo unicamente aos prazos referidos no parágrafo anterior a fin de unificar criterios e simplificar requisitos.
- 5º. No artigo 6 se simplifica a súa redacción, non se alteran os tramos de idade para a aplicación das cantidades de subvención, pero se incrementa de 50 a 100 euros as cuantías para o caso de matriculación na escola infantil e/ou o CEIP do concello.
- 6º. Se incorpora no artigo 6 as previsións novedosas respecto de adopcións de nenos entre 5 e 8 anos e respecto de custodias compartidas.
- 7º. Simplifícase no artigo 7 a documentación a presentar polos interesados, entendendo que parte dos documentos que se viñan pedindo xa se acreditan ou a súa información se recolle no Libro de Familia.
- 8º. No artigo 8 se introduce, de acordo coa Lei Xeral de Subvencións, que os reintegros das axudas liquidarán intereses legais.



Vistos os referidos cambios óptase pola modificación COMPLETA da redacción da citada Ordenanza, PROPOÑÉNDOSE o seguinte texto:

## **ORDENANZA REGULADORA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE E O ASENTAMENTO DE POBOACIÓN NO CONCELLO DE ALFOZ**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O envellecemento da poboación e o desprazamento de persoas cara aos núcleos urbanos son, sen dúbida, dous dos principais motivos da baixa taxa de natalidade e do despoboamento do rural galego. O Concello de Alfoz non é alleo a este problema, experimentando unha perda de poboación continua nos últimos anos e unha baixada no número de nacementos, dando lugar a un descenso de preto do 30% no número de habitantes nos últimos 20 anos.

A incorporación da muller ó mundo laboral, fenómeno que sendo positivo, require un esforzo de adaptación familiar, o retraso na idade de emancipación dos nosos xoves e a evolución dos patróns que rexen os hábitos sociais e culturais, son algunhas das causas que inflúen na diminución da natalidade que é un dos principais problemas ao que facer fronte na sociedade nos próximos anos.

Continuar con esta tendencia daría lugar a graves consecuencias poñendo en perigo servizos fundamentais, podendo existir problemas para o mantemento futuro do Colexio Público CEIP Castro de Ouro e da Escola Infantil, de non tomarse medidas para o fomento da natalidade e o asentamento de poboación no Concello de Alfoz.

O artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Neste mesmo texto normativo nos artigos 25 a 28 outorgan ao municipio competencia para promover a prestación de servizos sociais nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, e, en particular, as relativas á educación, cultura, a promoción da muller, vivenda e a protección do medio ambiente.

Ademais, a familia está amparada pola Constitución Española que, no seu artigo 39, asegura a protección social, económica e xurídica da mesma. Deste xeito, o Concello de Alfoz considera de interese público o apoio ás familias, circunscribíndose dentro deste o fomento da natalidade e o asentamento de poboación no concello.

Co obxectivo de fomentar a natalidade e o asentamento de poboación no Concello de Alfoz, considérase necesario promover axudas, na medida dos recursos de que dispón este Concello, destinadas ás familias que teñan fillos/as por nacemento ou adopción e/ou establezan o seu domicilio de forma permanente no Concello de Alfoz, mediante a posta en marcha da presente ordenanza, como medida de fomento encamiñada a reactivar a natalidade.

### **Artigo 1.- Fundamento legal.**

A presente ordenanza ten o seu fundamento nas competencias que o artigo 2 e artigo 25.1. da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Ordenanza reguladora do Réxime Local, outorga a este Concello.

O artigo 25 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local establece que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades que contribúan a satisfacer as aspiracións e necesidades da comunidade veciñal.

Este Concello considera de interese público o apoio ás familias, circunscribíndose dentro de este o fomento da natalidade. Este é o fundamento e o fin da presente ordenanza, que pretende incentivar novos nacementos no Concello.

### **Artigo 2.- Obxecto.**

O obxecto desta ordenanza é a regulación do réxime xurídico do outorgamento de axudas para fomentar a natalidade e o asentamento de poboación no Concello de Alfoz.

### **Artigo 3.- Natureza da axuda.**

As axudas que se outorguen conforme á presente ordenanza teñen a natureza de subvención directa conforme ó establecido no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **Artigo 4.- Beneficiarios.**

Serán beneficiarios das subvencións reguladas nestas ordenanza, os proxenitores naturais e por adopción, xa sexan casados, parellas de feito e / ou familias monoparentais que teñan fillos/as menores de catro anos e sexan titulares do Libro de Familia no que figure rexistrado o nacemento ou adopción. Tamén serán beneficiarios os adoptantes de nenos e nenas de 5 a 8 anos cando con estas idades se formalice a adopción.

Considerase unidade familiar a formada polo pai, nai, titor de garda e protección do menor e os fillos solteiros menores de 25 anos, ou maiores desta idade con discapacidade recoñecida, que convivan no domicilio familiar.

Se no Libro de Familia figura un só proxenitor, éste será o único beneficiario.

Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, será beneficiario o proxenitor que teña a custodia do/a fillo/a, figure no Libro de Familia e conviva co menor. Esta convivencia deberá acreditarse á data de solicitude da axuda. No caso de custodia compartida poderán ser beneficiarios ambos proxenitores por separado na proporción que teñan asignada de custodia do menor, debendo cumprir todos os requisitos da subvención para poder ser solicitantes.

En ningún caso poderá ser beneficiario o proxenitor privado total ou parcialmente da patria potestade dos seus fillos/as, ou cuxa tutela sexa asumida por unha Institución Pública.

Os estranxeiros poderán beneficiarse de esta prestación sempre que ao menos un de eles cumpra as condicións da Lei Orgánica 4/2000 sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e os requisitos establecidos na presente Ordenanza.

#### **Artigo 5.- Requisitos para a concesión da subvención.**

5.1.- Darán lugar ao recoñecemento da subvención cada unha das seguintes situacións:

- O nacemento que teña lugar na unidade familiar dos beneficiarios sinalados no artigo anterior, a partir do 1 de xaneiro de 2017.
- A adopción que se formalice polos beneficiarios sinalados no artigo anterior, a partir do 1 de xaneiro de 2017.
- As unidades familiares con fillos menores de 4 anos e/ou que adopten nenos ou nenas de 5 a 8 anos, cando se formalice con estas idades a adopción, que se empadroen no Concello de Alfoz, a partir do 1 de xaneiro de 2017.

5.2.- Será requisito imprescindible para o recoñecemento da subvención que se acredite que como mínimo dous membros da unidade familiar (o menor e un dos seus proxenitores titulares do Libro de Familia no seu concepto de beneficiario) teñan establecido o seu domicilio de forma permanente no Concello de Alfoz por un período igual ou superior a 6 meses antes da solicitude e durante 1 ano con posterioridade á concesión da subvención. Será documento acreditativo o certificado de empadramento e convivencia.

En todos os casos, os menores deberán convivir no mesmo domicilio como mínimo con un dos proxenitores solicitante no mesmo domicilio, sendo documento acreditativo do cumprimento do disposto o certificado de empadramento e convivencia da unidade familiar.

No caso de custodia compartida do menor por parte de ambos proxenitores, deberase aportar a documentación acreditativa deste feito onde figure a porcentaxe correspondente da custodia asignado a cada proxenitor. Poderán solicitar, se compren cos requisitos establecidos nesta ordenanza, cada un dos proxenitores a parte correspondente segundo a porcentaxe da custodia que lles corresponda.

5.3.- Os beneficiarios deberán atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias coas respectivas administracións.

#### **Artigo 6.- Contía das axudas.**

6.1.- Todos os solicitantes deberán ter establecido o seu domicilio de forma permanente no Concello de Alfoz por un período igual ou superior a 6 meses de xeito ininterrompido antes da solicitude da axuda e por un período igual ou superior a 1 ano de xeito ininterrompido desde a concesión da subvención. Será documento acreditativo o certificado de empadramento e convivencia.

A contía das axudas será graduada por tramos dependendo do cumprimento dos diferentes requisitos do apartado anterior, segundo as seguintes situacións, que serán aplicadas nos mesmos termos en caso de parto múltiple.:

**-Axudas para familias con menores de 0-1 anos.** Percibirán unha axuda de 360 € as familias que acrediten un nacemento / adopción seguindo os requisitos desta ordenanza reguladora. Esta contía será de 450 € no caso de ser o/a segundo/a fillo/a e de 600 € no caso de terceiro/a e sucesivos/as. Estas contías serán incrementadas en 150 € no caso de matricular ao menor na Escola Infantil de Alfoz.

**- Axudas para familias con menores de 1-2 anos.** Percibirán unha axuda de 120 € as familias con fillos/as menores de dous anos que cumpran cos requisitos recollidos nesta ordenanza. Esta contía será de 150 € no caso de ser o/a segundo/a fillo/a e de 200 € no caso de terceiro/a e sucesivos/as. Estas contías serán incrementadas en 150 € no caso de matricular o menor na Escola Infantil de Alfoz.

**- Axudas para familias con menores de 2-3 anos.** Percibirán unha axuda de 120 € as familias con fillos/as menores de tres anos que acrediten cumprir os requisitos recollidos nesta ordenanza: Esta contía será de 150 € no caso de ser o/a segundo/a fillo/a e de 200 € no caso de terceiro/a e sucesivos/as. Estas contías serán incrementadas en 150 € no caso de matricular o menor na Escola Infantil de Alfoz.

**- Axudas para familias con menores de 3-4 anos matriculados no CEIP Castro de Ouro de Alfoz.** Percibirán unha axuda de 150 € as familias con fillos/as menores de catro anos que acrediten que reúnen os requisitos esixidos nesta ordenanza: Esta contía será de 200 € no caso de ser o/a segundo/a fillo/a e de 300 € no caso de terceiro/a e sucesivos/as.

**-Axudas para familias que adopten nenos ou nenas de 5 a 8 anos e os matriculen no CEIP Castro de Ouro de Alfoz.** Cando a adopción teña lugar nesta franxa de idades e cumpran cos requisitos esixidos nesta ordenanza, poderán optar ás axudas correspondentes aos tramos de idade inferiores.

Tras a resolución xudicial de adopción e cumpridos 6 meses de empadronamento do menor e da pai/nai solicitante, poderá pedirse a axuda á natalidade, correspondéndolle a axuda polo primeiro tramo de idade ( 0-1), e ao ano seguinte o 2º tramo, e así sucesivamente ata cumprir os 8 anos de idade.

- No caso de **custodia compartida do menor por parte de ambos proxenitores**, deberase aportar a documentación acreditativa deste feito onde figure a porcentaxe correspondente da custodia asignado a cada proxenitor. Poderán solicitar, se compren cos requisitos establecidos nesta ordenanza, cada un dos proxenitores a parte correspondente segundo a porcentaxe da custodia que lles corresponda.

6.2.- O Concello anualmente nos seus orzamentos destinará unha cantidade global a conceder por axudas á natalidade e o asentamento de poboación cuxo importe será o límite das axudas a recoñecer.

6.3.- A imputación do gasto realizarase con cargo á partida orzamentaria específica que se creará no orzamento xeral do Concello, a cuxa existencia se vinculará a aplicación desta ordenanza, na medida en que debe estar previsto o crédito de maneira adecuada e suficiente para a súa efectividade.

6.4.-O Concello, non obstante ao disposto no apartado anterior, á vista das cifras resultantes, previa a tramitación da correspondente modificación orzamentaria, poderá incrementar ou diminuír o importe global e, en consecuencia, a cantidade a outorgar a cada beneficiario.

#### **Artigo 7.- Procedemento.**

7.1.- As solicitudes de axudas presentaranse no Rexistro Xeral, estando aberta a convocatoria todo o ano.

7.2.- As solicitudes deberán acompañarse da seguinte documentación:

- Certificado de convivencia onde figuren o/s solicitante/s e o menor para acreditar a residencia efectiva no Concello de Alfoz de xeito ininterrompido no período esixido por esta subvención.

- Certificados acreditativos de acharse ao corrente das obrigas tributarias municipais, autonómicas e estatais.

- Certificado de titularidade da conta corrente bancaria onde se efectuará o ingreso.

-No caso de familias con menores de 0 a 3 anos que soliciten a axuda correspondente por estar matriculado/a na Escola Infantil de Alfoz, deberán aportar copia da matrícula do menor.

- No caso de familias con menores de 3 a 4 anos, será imprescindible que aporten -copia da matrícula no CEIP Castro de Ouro.

- No caso de familias que adopten nenos e nenas de 5 a 8 anos, sendo efectiva a adopción neste tramo de idades, será imprescindible que aporten copia da matrícula no CEIP Castro de Ouro de Alfoz.

- Copia do Libro de Familia.

- Copia del DNI, pasaporte ou documento administrativo que acredite a identificación del solicitante

- Copia do convenio regulador ou sentenza xudicial de nulidade, separación ou divorcio no seu caso.

No caso de custodia compartida do menor por parte de ambos proxenitores, deberase aportar a documentación acreditativa deste feito onde figure a porcentaxe correspondente da custodia asignado a cada proxenitor. Poderán solicitar, se compren cos requisitos establecidos nesta ordenanza, cada un dos proxenitores a parte correspondente segundo a porcentaxe da custodia que lles corresponda.

- Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas para a mesma finalidade.

7.3.- Completada a documentación, unha vez expirado o prazo outorgado ao efecto polos Servizos Municipais ( Educadora Familiar do Departamento de Servizos Sociais como instrutor do expediente) aos efectos de mellora ou enmenda da solicitude , comprobaranse os datos e, informado o asunto, elevarase proposta á Alcaldía, que aprobará o expediente no prazo máximo de tres meses , e as contías individualizadas correspondentes, sendo notificado o devandito acordo aos solicitantes.

7.4.- Adoptado o acordo pola Alcaldía, aboarase aos beneficiarios o importe resultante no prazo que se estableza no propio acordo.

7.5.- As solicitudes poderán ser denegadas polos seguintes motivos:

1. Non cumprir os requisitos establecidos para a concesión da axuda.

2. Presentar a solicitude fóra dos prazos establecidos

3. Estar esgotado o crédito orzamentario habilitado na partida para esta finalidade.

7.6.- O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexítima ós interesados motivará a desestimación da solicitude por silencio administrativo.

**Artigo 8.- Responsabilidades.**

Calquera falsidade que se detecte dará lugar ao non recoñecemento da axuda ou, caso de tela percibido xa, á devolución da mesma cos intereses legais correspondentes, con independencia das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se puidesen esixir.

A presentación da solicitude polos beneficiarios supón a aceptación incondicional das bases.

Os beneficiarios están obrigados a comunicar ao Concello calquera circunstancia que modifique os requisitos para obter na subvención, e están obrigados a reintegrar a axuda xa concedida cos intereses legais correspondentes cando se incumpran os requisitos establecidos para a súa concesión durante os prazos establecidos nos distintos supostos.

**Artigo 9.- Compatibilidades.**

Estas axudas serán compatibles con aquelas que poidan obterse dos Organismos oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e da Provincia.

**Artigo 10.- Réxime Xurídico.**

A normativa que regulada a concesión de axudas á natalidade e o asentamento de poboación é a propia ordenanza. Para o non previsto na mesma, terase presente a Normativa administrativa reguladora de réxime local, e na súa falta, de carácter xeral.

A presente ordenanza é complementaria e compatible respecto da Ordenanza municipal de concesión de subvencións do Concello de Alfoz.

O réxime xurídico do reintegro das axudas será o establecido no título II da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

**Artigo 11.- Infraccións e sancións.**

Serán as establecidas nos artigos 52 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA.**

Terase dereito a percibir a correspondente axuda para os supostos que veñen recollidos nestas ordenanza reguladora que tivesen lugar a partir do día 1 de xaneiro do 2017.

**DISPOSICIÓN FINAL**

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez se publique o seu texto de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcorra o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, por remisión do disposto no artigo 70.2 da mesma, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. "

Contra o presente Acordo se interpondrá recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Alfoz, 18 de maio de 2022.- O Alcalde-Presidente, Jorge Val Díaz.

R. 1278

**BARALLA***Anuncio*

Aprobación da oferta de emprego público, con carácter extraordinario, para o ano 2022

Mediante a Resolución da Alcaldía deste Concello, do 18 de maio de 2022, aprobouse a oferta de emprego público, de conformidade coa Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, co seguinte detalle:

Nº de prazos	Denominación	Réxime xurídico	Kornada	Forma de selección
1	Axente de Emprego Local	laboral fixo	completa	concurso
1	Auxiliar administrativo Progama Axuda Domicilio	laboral fixo	completa	concurso

1	Auxiliar administrativo Oficina Información Xuvenil e Biblioteca	laboral fixo	Parcial (75%)	concurso
1	Peón limpeza viaria	laboral fixo	completa	concurso
7	Auxiliar de axuda a domicilio	laboral fixo	completa	concurso
4	Auxiliar de axuda a domicilio	laboral fixo	completa	concurso-oposición

O que se fai público en cumprimento do disposto nos artigos 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e do artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

Baralla, 18 de maio de 2022.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 1279

## FOLGOSO DO COUREL

### Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 18 de maio de 2022 apróbase o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrancia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de abril de 2022.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Folgoso do Courel, 18 de maio de 2022.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 1280

## GUITIRIZ

### Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía os Padróns fiscais dos servizos de punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de abril de 2022, do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de abril de 2022 e servizo público de axuda no fogar (SAF) correspondentes aos meses de marzo e abril de 2022, que comprende os seguintes recibos:

- 1.- Padrón das taxas de prestación do servizo público do punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de abril de 2022, integrado por 26 recibos por importe total de 720,00 €.
- 2.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de abril de 2022, integrado por 14 recibos por importe total de 3.613,42 €.
- 3.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de axuda no fogar (SAF) na modalidade de libre concorrancia e dependencia correspondentes aos meses de marzo e abril de 2022, polos seguintes importes:
  - Modalidade libre concorrancia: 3.170,21€
  - Modalidade dependencia: 11.487,22 €

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns dos servizos de punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de abril de 2022, do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de abril de

2022 e servizo público de axuda no fogar (SAF) correspondentes aos meses de marzo e abril de 2022, terá lugar dende o día 6/05/2022 ao 06/07/2022 (ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 10 de maio de 2022.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 1281

## LUGO

### Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día once de maio de dous mil vinte e dous, adoptou, entre outros, o acordo 11/266 NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA NO CORPO DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE LUGO, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

**“PRIMEIRO.-** Nomear a DON PABLO GARCÍA RODRÍGUEZ con DNI \*\*\*7005\*\* como funcionario de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar a praza de Policía Local, grupo de titulación: grupo C; subgrupo C1, nivel 19; escala: básica; categoría: policía.

**SEGUNDO.-** Notificarlle o acordado ao interesado coa advertencia que deberá tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

**TERCEIRO.-** Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida. Faise constar que este acto pon fin á vía administrativa, e que contra el se poden interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación deste acordo.

- Recurso contencioso-administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación deste acordo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Lugo, 16 de maio de 2022.-A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellós Fondo.

R. 1282

## MONFORTE DE LEMOS

### Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión de data 9/05/2022, prestouse aprobación as bases e convocatoria do proceso selectivo, como persoal laboral fixo, mediante oposición libre, DO POSTO DE CAPATAZ DO SERVIZO DE OBRAS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de Monforte de Lemos ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello, en horario de nove a dúas, ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de VINTE (20) días hábiles dende o día seguinte da publicación de anuncio da convocatoria no Boletín Oficial Do Estado.

As bases e demais información do proceso selectivo pode ser consultada na web municipal ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)).

#### I. Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a selección, como persoal laboral fixo, mediante oposición libre, dun posto de Capataz do Servizo de Obras.

Esta praza pertence á Escala, Subescala ou Clase que se indican no Anexo das presentes bases, e está dotada dos haberes correspondentes ao Subgrupo que igualmente se especifica.

A persoa seleccionada será contratada como persoal laboral fixo, para cubrir a vacante no posto de Capataz do Servizo de Obras, para o desempeño de funcións establecidas para dito posto. Todo iso sen prexuízo do desenvolvemento das demais funcións que legalmente puidesen corresponder ou ser asignadas a dito persoal laboral en virtude da súa categoría.

A partir do presente proceso selectivo, constitúese igualmente Bolsa de Emprego para o posto de Capataz do Servizo de Obras.

As retribucións serán as establecidas no Orzamento vixente e quedará suxeito ao réxime de incompatibilidade vixente.

O horario e as funcións a desempeñar no posto de traballo realizaranse no horario legalmente establecido, coa flexibilidade que requira o servizo para o mellor funcionamento do mesmo.

A realización deste procedemento rexeráse polo previsto nestas Bases e anexos correspondentes, e, na súa falta, estarase ao establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de Abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 30/84, de 2 de agosto, Real Decreto 896/1991, de 7 de Xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local, Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado e por calquera outras disposicións aplicables.

## II. Requisitos dos aspirantes.

Para ser admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán reunir, antes de que termine o último día de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou estar incurso nalgún dos supostos previstos no art. 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións para as que se contrata.
- d) Non ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin acharse inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.
- e) Estar en posesión do título de Educación Secundaria Obrigatoria, formación profesional de primeiro grao, ciclo formativo de grao medio ou equivalentes, ou estar en condicións de obtelo na data de terminación do prazo de presentación de instancias.
- f) Ingresar na conta ES 96 2080 0126 2031 1000 0019 a nome do Concello de Monforte de Lemos a taxa por dereitos de exame por importe de 15,73€ prevista na ordenanza municipal reguladora da taxa para estudo, análise e expedición de documentos publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 290 do día 20 de decembro de 2016. En ningún caso o ingreso da citada cantidade suporá a substitución do trámite de presentación de solicitudes. Só procederá a devolución do importe satisfeito polo /a aspirante cando por causas non imputables ao suxeito pasivo non teña lugar por parte do Concello a prestación, ou cando os ingresos declárense indebidos por resolución ou sentenza firme ou se producise unha modificación substancial das bases da convocatoria.

Os requisitos establecidos na Base anterior, así como aqueles outros que puidesen recollerse nos anexos respectivos, deberán cumprirse o último día do prazo de presentación de solicitudes, e deberán manterse até a contratación como persoal laboral fixo.

## III. Solicitudes.

Quenes desexen tomar parte nestas probas selectivas, deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. Alcalde, que lles serán facilitadas polo Rexistro Xeral do Concello de Monforte de Lemos e na páxina web do Concello de Monforte de Lemos ([www.monfortedemos.es](http://www.monfortedemos.es)).

As solicitudes acompañarán:

- .- Instancia.
- .- Fotocopia do DNI.
- .- Xustificante de pago da taxa.
- .- Certificado CELGA 2 ou equivalente.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Concello de Monforte de Lemos, ou conforme ao disposto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De presentar a solicitude nunha oficina de correos, farase en sobre aberto para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada. De non ser así non poderá estimarse como presentada en data.

Establécese un prazo de presentación de solicitudes de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación de anuncio da convocatoria no BOE.

As persoas con discapacidade deberán achegar á solicitude de participación nas probas selectivas a acreditación de tal condición así como do tipo de discapacidade que posúe, conxuntamente coa declaración das adaptacións de tempo, medios e doutra natureza que considere necesarias para a realización das devanditas probas.

#### **IV. Admisión de candidatos.**

Finalizado o prazo de presentación de instancias e comprobado que os aspirantes reúnen os requisitos necesarios para acceder á convocatoria, o Sr. Alcalde aprobará a relación provisional de admitidos e excluídos, xunto coa causa de exclusión, que se publicará no Taboleiro Municipal de Edictos (Praza do Campo de San Antonio) e na web municipal [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) a efectos de reclamacións e subsanación de erros, no prazo de 10 días hábiles.

As reclamacións e subsanacións, se as houbese, serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que será publicada na forma antes indicada. No caso de que non existan aspirantes excluídos ou non se presenten reclamacións nin subsanacións a lista provisional será elevada automaticamente a definitiva.

As presentes bases e os sucesivos actos que requiran de publicidade, anunciaranse no Taboleiro Municipal de Edictos e na páxina web municipal.

De acordo co establecido na Lei 13/1982, de 7 de abril, serán admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións cos demais aspirantes. Só poderán establecerse exclusións por limitacións psíquicas e físicas nos casos en que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

Nas probas selectivas estableceranse para as persoas con discapacidade que o soliciten, as adaptacións posibles de tempo e medios para a súa realización. Na solicitude de participación, os interesados deberán formular a petición correspondente, especificando en que consiste concretamente a adaptación. Corresponderá aos interesados, no momento de solicitar tomar parte nas probas selectivas, acreditar documentalmente, a través do Organismo competente, a súa condición de discapacitado, e posuír unha discapacidade de grao igual ou superior ao 33 por 100, debendo achegar ademais ditame técnico facultativo. A compatibilidade para o desempeño das tarefas e funcións propias da praza ás que se opta, haberá de acreditarse por Certificación Médica oficial.

#### **V. Tribunal.**

O Tribunal Cualificador estará constituído por un Presidente, tres Vocais e un Secretario e os seus respectivos suplentes.

- a) Presidente: Un funcionario de carreira a designar pola persoa titular da Alcaldía.
- b) Vogais: Tres funcionarios de carreira a designar pola persoa titular da Alcaldía
- c) Secretario: O da Corporación ou funcionario de carreira en quen delegue, que actuará con voz pero sen voto.

Non poderán formar parte do Tribunal: O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

A pertenza ao Tribunal será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A súa composición cumprir o estipulado no artigo 60 Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e o art. 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Os membros do tribunal deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

O Tribunal poderá contar, para todas ou algunhas das probas, coa colaboración de asesores técnicos, con voz e sen voto, os cales deberán limitarse ao exercicio da súa especialidade técnica.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, e os aspirantes poderán recusalos, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Tribunal constituirase de acordo co establecido no artigo 17 da indicada Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e as decisións adoptaranse por maioría dos votos presentes, resolvendo en caso de empate, o voto do que actúe como Presidente, sendo secretos os seus acordos e deliberacións.



O Tribunal quedará facultado para resolver as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación das Bases, para decidir respecto do non contemplado nas mesmas, para incorporar especialistas naquelas probas cuxo contido requira o asesoramento técnico dos mesmos, quen actuarán con voz pero sen voto, podendo, igualmente e para un mellor desenvolvemento dos exercicios, constituír, por concorrer ás probas un elevado número de aspirantes, diferentes grupos destes someténdoselles á realización de exercicios de similar contido en consonancia coa titulación académica esixida na convocatoria e programa da mesma, para establecer probas adicionais ás que figuren na convocatoria en caso de producirse empates de puntuación entre os aspirantes, así como para establecer a realización de probas diferentes para os aspirantes que concorran pola quenda das persoas con discapacidade en función das distintas discapacidades que estas presenten, a condición de que ditas probas permitan demostrar os coñecementos teórico prácticos necesarios e suficientes para o desempeño do posto convocado, contando para iso co asesoramento de persoal técnico e especializado en orde á confección e desenvolvemento das probas a que se lles poderá someter, podendo fixar así mesmo datas diferentes para a realización das mesmas.

#### **VI. Desenvolvemento dos Exercicios.**

O procedemento de selección dos/as aspirantes será o de oposición libre e constará de catro exercicios.

**Primeiro exercicio:** Obrigatorio, eliminatorio e cualificable de 0 a 4 puntos.

Consistirá en dar solución por escrito a un ou varios supostos prácticos, relacionados coas funcións propias do posto de traballo e /ou as materias do programa incluído no Anexo I, durante un tempo máximo dunha hora.

Esta proba práctica terá unha valoración máxima de 4 puntos, sobre o contido dos temas relacionados no Anexo I destas Bases.

A cualificación de este exercicio será de 0 a 4 puntos debendo obterse un mínimo de 2 puntos para superalo mesmo.

Nesta proba valorárase a corrección técnica a claridade na exposición de ideas, a comprensión dos coñecementos e a capacidade de expresión.

**Segundo Exercicio:** Obrigatorio, eliminatorio e cualificable de 0 a 4 puntos.

Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario, fixado polo el Tribunal, de 40 preguntas cortas e 5 de reserva, con catro opcións de resposta, das cales só unha será a correcta.

A duración deste exercicio non excederá dunha hora.

A cualificación de este exercicio será de 0 a 4 puntos debendo obterse un mínimo de 2 puntos para superalo mesmo.

A cualificación do seu exercicio será a correspondente de aplicar o seguinte criterio: cada resposta correctamente acertada puntuará 0,10 puntos. Cada tres respostas erróneas computarán unha penalización dunha resposta acertada. As preguntas non contestadas non suporán penalización.

Serán considerados aptos nesta proba os opositores que superen a nota de corte, establecida inicialmente en 2 puntos.

O Tribunal poderá modificar a nota de corte de acordo co nivel das puntuacións obtidas.

Os aspirantes terán dereito a obter unha copia da súa folla de respostas; igualmente poderán retirar o cuestionario sempre que o exercicio se realice nun único chamamento.

**Terceiro exercicio:** consistirá nunha Entrevista curricular, de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá nun encontro co tribunal cualificador no que este plantexará preguntas ó/á aspirante sobre a súa experiencia profesional e sobre o contido do programa .

Nesta proba valorárase a corrección técnica a claridade na exposición de ideas, a comprensión dos coñecementos e a capacidade de expresión.

A proba valorarase cun máximo de dous puntos.

**Cuarto exercicio:**, consistirá nunha proba de coñecemento da lingua galega.

A proba estará dirixida a comprobar o coñecemento do idioma galego, polas persoas aspirantes da mesma, de xeito tanto oral como escrito, e que consistirá na realización dunha tradución dun texto, castelán- galego ou galego - castelán, proposto polo Tribunal. O tempo máximo para a súa realización será de media hora.

Esta proba cualificarase como apto ou non apto. Porén, ás persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo (anexo I, 4 da Orde do 16 xullo 2007, DOG do 30 xullo 2007, CELGA 2 ou equivalente) se lles dará por superada esta proba coa cualificación de apto.

O cuestionario e o ou os supostos prácticos, serán elaborados polo Tribunal Cualificador o mesmo día da celebración, e versarán sobre as materias contidas no temario do programa da convocatoria.

A cualificación final da oposición, será a suma das puntuacións obtidas nos distintos exercicios, sendo 10 puntos a máxima puntuación que poderían conseguir os aspirantes.

As cualificacións das probas faranse públicas no taboleiro de edictos da Corporación ou poderán consultarse na páxina web Concello de Monforte de Lemos.

Os interesados disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, para impugnar calquera das preguntas integrantes dos cuestionarios ou presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Poderá non respectarse o prazo mínimo de 48 horas entre a realización dun ou varios exercicios.

#### **VII. Nomeamento/proposta de contratación.**

Proposta de selección, presentación de documentos e nomeamento.

Concluídas as probas, o Tribunal publicará no taboleiro de edictos da Corporación a relación de aspirantes aprobados por orde de puntuación. Co fin de asegurar a cobertura da praza, cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados, antes do seu nomeamento/ contratación ou toma de posesión ou a persoa inicialmente proposta non sexa nomeada/contratada ou, de selo, non tomase posesión en forma/ se contrate, entenderase feita a proposta en favor do aspirante que, obtendo superando os exercicios eliminatorios do proceso selectivo alcanzase a segunda mellor puntuación total e así sucesivamente.

Do mesmo xeito actuarase no caso de que algún aspirante fose excluído por non presentación ou falsidade na documentación ou cesase por calquera das causas previstas en Dereito, sen que teña que reunirse novamente o Tribunal para a proposta.

O aspirante proposto polo Tribunal achegará ante o Concello, dentro do prazo de cinco días hábiles, contados desde a data en que se faga pública a relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na Convocatoria así como declaración xurada de non acharse incurso en ningún dos supostos de incompatibilidade previstos na lexislación vixente.

O cumprimento do requisito C) da base terceira haberá de acreditarse a través de Certificación Medica Oficial.

Se dentro do prazo establecido e salvo causa de forza maior, o aspirante proposto non presentase a documentación esixida non poderá ser nomeado/ contratado e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrese por falsidade na instancia.

Unha vez presentada a documentación polo candidato proposto, se esta achácese conforme ao establecido nas bases, será nomeado/aprobada a súa contratación polo Alcalde-Presidente como persoal laboral fixo.

Para participar nesta convocatoria establécense os dereitos de exame indicados no Anexo que deberán ser ingresados na conta que este Concello mantén na sucursal de ABANCA en Monforte de Lemos ES96 2080 0126 2031 1000 0019. Aqueles aspirantes que resulten definitivamente excluídos non terán dereito á devolución do importe ingresado en concepto de dereitos de exame.

#### **VIII. Recursos**

Contra as presentes Bases poderá interporse recurso potestativo de reposición ante o órgano que aprobou as Bases no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa última publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou ben interpor directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados igualmente desde o día seguinte ao da súa última publicación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, todo iso de conformidade cos artigos 114.c), 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición

Contencioso-Administrativa. No caso de interposición de recurso de reposición, deberase esperar a que este se resolva e notifique, ou ben a que poida ser entendido como desestimado en virtude de silencio. Non obstante o anterior, os interesados poderán presentar calquera outro recurso que estimen procedente en defensa dos seus dereitos e intereses.

#### **IX. Igualdade.**

Faise constar expresamente que calquera termo xenérico referente a persoas, como opositor, aspirante, funcionario, etc. debe entenderse en sentido comprensivo de ambos os sexos.

#### **X. Publicidade dos trámites.**

As presentes bases e os sucesivos actos que requiran de publicidade, anunciaranse no Taboleiro Municipal de Edictos (Praza do Campo de San Antonio,1 ) e na páxina web municipal.

#### **ANEXO 1.**

Praza: Laboral fixo Capataz de obras.

Sistema selectivo: Oposición Libre.

Dereitos Exame: 15´73 € a ingresar na conta É96 2080 0126 2031 1000 0019 da entidade ABANCA a nome do Concello de Monforte de Lemos

Titulación Requirida: Título de Educación Secundaria Obrigatoria, formación profesional de primeiro grao, ciclo formativo de grao medio ou equivalentes .

## **ANEXO II**

Temario

Parte xeral

### **TEMARIO**

Tema 1.- Competencias municipais: competencias municipais propias e impropias.

Tema 2.- Organización municipal: Órganos necesarios e complementarios. Atribucións dos órganos necesarios.

Tema 3.- O Servizo Público Local: formas de xestión do servizo público local.

Tema 4. - O persoal ao servizo das Entidades Locais: funcionarios, persoal laboral, persoal eventual e persoal directivo profesional.

Tema 5.- As licenzas urbanísticas: Principios xerais. A licenza de obras, edificación e instalación. As licenzas de usos e actividades.

Tema 6.- Rueiro do Concello de Monforte de Lemos. Edificios públicos, parques, zonas verdes, rúas. Localización dos mimos.

Tema 7.- Tipos de contratos. Xestión documental (ordenes de traballo, facturas, albaranes, etc). Estimación de custos. Control de calidade do traballo executado.

Tema 8.- Xestión documental de proxectos de edificación e obra civil: Memorias e anexos. Pregos de condicións. Planos de Proxecto. Orzamento.

Tema 9.- Interpretación de planos de construción. Planos de planta e alzado. Coñecementos do proxecto dunha obra. Lectura de planos. Medición de superficies. Áreas, volumes.

Tema 10.- Acoutado de planos. Escalas: gráfica e numérica. Cota: cota positiva e negativa. Símbolos e unidades de medida utilizadas en edificación e obra civil.

Tema 11.- Materiais de construción: Características, aplicacións e propiedades dos principais materiais empregados en construción.

Tema 12.- Identificación de oficios que executan os traballos de edificación: Obras de cimentación. Obras de formigón. Obras de albanelaría.. Acabados interiores e exteriores.

Tema 13.- Identificación de oficios que executan os traballos de obra civil: Obras de terra. Obras de fábrica. Obras de drenaxe longitudinais e transversais. Construción de firmes asfálticos e de formigón. Obras de urbanización.

Tema 14.- Organización do procedemento de traballo: Ordenación de quendas e distribución de traballadores, materiais e equipos. Xestión documental (ordenes de traballo, facturas, albaranes, etc). Estimación de custos. Control de calidade do traballo executado.

Tema 15.- Obras na vía pública. Sinalización. Características construtivas dos viarios.

Tema 16.- Coñecementos do proxecto dunha obra. Lectura de planos. Medición de superficies. Áreas, volumes.

Tema 17 .- Organización e coordinación das obras. Preparación dos equipos. Reformulo. Material a Empregar.

Tema 18.- Fases da obra. Medidas de seguridade.

Tema 19.- Materiais da obra, coordinación co resto de gremios. Compras, previsión e provisión de materiais.

Tema 20.- Maquinaria utilizada nas obras. Coordinación con resto de traballos. Tipos. Medidas de seguridade.

Tema 21.- Prevención de riscos laborais: Normativa básica de prevención de riscos laborais en traballos de edificación e obra pública. Identificación de riscos. Determinación das medidas de prevención. Equipos de protección colectiva e individual.

Monforte de Lemos, 20 de maio de 2022.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 1311

*Anuncio***CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE CATRO AUXILIARES DE POLICIA LOCAL**

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de maio do 2022 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de ([www.monfortedemos.es](http://www.monfortedemos.es)).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ó correo electrónico [rrhh@concellodemonforte.com](mailto:rrhh@concellodemonforte.com).

As bases poden ser consultadas na web municipal ([www.monfortedemos.es](http://www.monfortedemos.es)) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 23 de maio de 2022.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 1312

**MONTERROSO***Anuncio*

Aprobado polo Pleno desta Corporación con data de 13/05/2022 o expediente de modificación de créditos num. 11 de 2022 financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, dentro do vixente Orzamento municipal, por un importe de **douscentos oitenta e sete mil trescentos trinta euros con cincuenta e oito céntimos (287.330,58)** en cumprimento ó disposto no artigo 177.2 en relación co art. 169.1 do R.D.L. 2/2004, de 05 de marzo, expone o público, polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que comezará a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas a Sra. Alcaldesa deste Concello.

Monterroso, 18 de maio de 2022.- A ALCALDESA, Rocio Seijas Vázquez.

R. 1283

**NAVIA DE SUARNA***Anuncio*

De conformidade cos artigos 112,3 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 169, 3 del Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e aprobándose pola Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 27 de Abril de dous mil vintedous, adoptou o acordo de aprobación inicial do Presuposto xeral desta Entidade do ano 2022, que resultou definitivo ó non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, faise constar o seguinte:

**RESUMO DO REFERENCIADO PRESUPOSTO PARA 2022.-**

	INGRESOS	PRESUPOSTO
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
	<b>a) OPERACIÓNS CORRENTES</b>	
<b>I</b>	<b>Impostos directos</b>	<b>185.305,86</b>
<b>II</b>	<b>Impostos indirectos</b>	<b>7.000,00</b>
<b>III</b>	<b>Taxas e outros ingresos</b>	<b>119.100,00</b>
<b>IV</b>	<b>Transferencias correntes</b>	<b>793.832,34</b>

V	Ingresos Patrimoniais	2.200,00
	<b>b) OPERACIONES DE CAPITAL</b>	
VI	Enaxenacións de inversións reais	0,00
VII	Transferencias de capital	257.167,53
VIII	Activos financeiros	0,00
IX	Pasivos financeiros	0,00
	<b>TOTAL DO ESTADO DE INGRESOS</b>	<b>1.364.605,73</b>

	<b>GASTOS</b>	<b>PRESUPOSTO</b>
<b>CAPÍTULO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>EUROS</b>

	<b>a) OPERACIÓN CORRENTES</b>	
I	Gastos de Persoal	702.801,01
II	Gastos de bens correntes e servicios	361.211,49
III	Gastos financeiros	2.000,00
IV	Transferencias correntes	19.360,00
V	Fondo de Contixencia	0,00
	<b>b) OPERACIÓN DE CAPITAL</b>	
VI	Inversións reais	279.233,23
VII	Transferencias de capital	0,00
VIII	Activos financeiros	0,00
IX	Pasivos financeiros	0,00
	<b>TOTAL DO ESTADO DE GASTOS</b>	<b>1.364.605,73</b>

#### PLANTILLA DE PERSOAL

##### 1.- FUNCIONARIOS DE CARREIRA

ESCALA	SUBESCALA	POSTO DE TRABAJO	Nº PRAZAS	GRUPO	NIVEL C.D.
Habilitación Nacional	Secretaría-Intervención	Secretaría-Intervención Cuberta interinamente	1	A2	26
Administración Xeral	Auxiliar	Auxiliar-cuberta inteirinamente	1	C2	18

**2.- PERSOAL LABORAL FIXO**

DENOMINACIÓN DA PRAZA	Nº PRAZAS	SITUACIÓN
Peón de obras e servizos	1	Vacante-cuberta interinamente
Celador-Operario Servizos Múltiples	1	Vacante-cuberta interinamente
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	1	Cuberta-Subvencionado parcialmente Xunta De Galicia

**3.- PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO**

DENOMINACIÓN DA PRAZA	Nº PRAZAS	OUTROS DATOS
Peón Especialista 1ª	1	Indefinido por Sentencia Xudicial
Auxiliar Axuda no Fogar	1	Indefinido por Sentencia Xudicial

**4.- PERSOAL LABORAL NON FIXO**

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	OUTROS DATOS
Asistente Social	1	Subvencionada parcialmente pola Xunta Galicia
Encargada biblioteca	1	Tempo parcial
Peón especialista	1	
Peón ordinario	1	
Auxiliares axuda no fogar	13	Financiadas parcialmente pola Xunta de Galicia

**5.- ALTOS CARGOS**

DENOMINACIÓN	PRAZAS	SITUACION
Alcalde-Presidente	1	Dedicación exclusiva

Persoal a contratar con cargo ós seguintes Programas subvencionados: Fomento Emprego, Campaña incendios 2022; Aprol Rural.

Según o disposto no artigo 171.1 do Real Decreto Legislativo, poderase interpor directamente contra o referenciado Presuposto, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Navia de Suarna, 24 de maio de 2022.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 1336

## NEGUEIRA DE MUÑIZ

### Anuncio

En cumprimento da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, segundo o cal « As ofertas de emprego que articulen os procesos de estabilización contemplados no apartado 1, así como o novo proceso de estabilización, deberán aprobarse e publicarse nos respectivos diarios oficiais antes do 1 de xuño de 2022».

Considerando o disposto no 70.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, faise público que, de acordo co artigo citado e co artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, mediante Resolución de alcaldía de data 20 de maio do 2022, aprobouse a Oferta extraordinaria de emprego público do Concello de Negueira de Muñiz para un proceso de estabilización, que comprende as prazas estruturais sinaladas neste

anuncio, dotadas todas elas no orzamento da Corporación, as cales encóntranse actualmente cubertas nunha situación de temporalidade irregular.

A oferta de emprego público do Concello, conta coas prazas seguintes:

DENOMINACIÓN PRAZA	Réxime xurídico da praza	Nº PRAZAS	FORMA DE SELECCIÓN
Subescala Administrativa, escala xeral	LABORAL FIXO	1	CONCURSO
Enxeñeiro Técnico Forestal	LABORAL FIXO	1	CONCURSO
Traballador/a social	LABORAL FIXO	1	CONCURSO-OPOSICIÓN
Conductor - Oficial Encargado obras e servizo	LABORAL FIXO	1	CONCURSO
Oficial 1ª Servicio diversos	LABORAL FIXO	1	CONCURSO-OPOSICIÓN
Auxiliar de Axuda no fogar (5 horas)	LABORAL FIXO	1	CONCURSO
Auxiliar de Axuda (8 horas)	LABORAL FIXO	1	CONCURSO

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor directamente recurso Contencioso- Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa) , no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor vostede calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Negueira de Muñiz, 20 de maio de 2022.- O Alcalde-Presidente , José Manuel Braña Pereda.

R. 1313

## AS NOGAIS

### Anuncio

En cumprimento do artigo segundo punto dous da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, segundo o cal «As ofertas de emprego que articulen os procesos de estabilización contemplados no apartado 1, así como o novo proceso de estabilización, deberán aprobarse e publicarse nos respectivos diarios oficiais antes do 1 de xuño de 2022».

Considerando o disposto no 70.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, faise público que, de acordo co artigo citado e co artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, mediante resolución de Alcaldía, con data do 18 de maio do 2022, aprobouse a Oferta extraordinaria de emprego público do Concello de As Nogais para un proceso de estabilización, que comprende as prazas estruturais sinaladas neste anuncio, dotadas todas elas no orzamento da Corporación, as cales encóntranse actualmente cubertas nunha situación de temporalidade irregular.

A oferta de emprego público do Concello conta coas seguintes prazas:

Nº DE PRAZAS	DENOMINACIÓN	RÉXIME XURÍDICO	FORMA DE SELECCIÓN
1	TRABALLADOR SOCIAL	LABORAL FIXO	CONCURSO
1	TÉCNICO MEDIO. AXENTE LOCAL DE EMPREGO	LABORAL FIXO	CONCURSO
1	OPERARIO DE SERVIZOS MUNICIPAIS	LABORAL FIXO	CONCURSO

1	OPERARIO DE SERVIZOS MUNICIPAIS	LABORAL FIXO	CONCURSO-OPOSICIÓN
9	AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR	LABORAL FIXO	CONCURSO
2	AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR	LABORAL FIXO	CONCURSO-OPOSICIÓN
1	SUBALTERNO	FUNCIONARIO DE CARREIRA	CONCURSO-OPOSICIÓN

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor directamente recurso Contencioso- Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición Contencioso-Administrativa.

Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor vostede calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

As Nogais, 18 de maio de 2022.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1284

## PEDRAFITA DO CEBREIRO

### Anuncio

#### OFERTA EMPREGO PÚBLICO ANO 2022

Por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o día 12 de maio de 2022 aprobouse a Oferta de Emprego Público para o ano 2022 do Concello de Pedrafita do Cebreiro nos seguintes termos:

Visto o informe proposta de Secretaria Intervención asinado o 25 de abril de 2022 de aprobación de Oferta de Emprego Público para o ano 2022 con ocasión da entrada en vigor e aplicación da Lei 20/2021 do 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE n.º 312 do 29 decembro de 2021), así como a lei 22/2021 de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022.(BOE n.º 312 do 29 decembro de 2021)

Visto o resultado alcanzado na Mesa Xeral de Negociación, coas asociacións sindicais máis representativas, que tivo lugar o pasado día 28 de abril de 2022.

Aprobado polo Pleno deste Concello, en sesión celebrada o día 5 de maio de 2022, a modificación do cadro de persoal do orzamento municipal para o ano 2022.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde- Presidente con data do 24 de xuño de 2019 mediante resolución de alcaldía n.º 229/2019, por unanimidade, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Deixar sen efecto a oferta de emprego público para o ano 2020 aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o día 3 de decembro de 2020.

**SEGUNDO.** Aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2022, que comprende as seguintes prazas:

#### 1.- FUNCIONARIO DE CARREIRA

Nº	PRAZA	GRUPO/SUBGRUPO	ESCALA	SUBESCALA	SISTEMA SELECTIVO	XORNADA
1	ARQUITECTO/A	A/A1	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	OPOSICIÓN LIBRE	PARCIAL (35/MES)



**2.- ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

Nº	PRAZA	GRUPO/SUBGRUPO	ESCALA	SUBESCALA	SISTEMA SELECTIVO	XORNADA
1	ADMINISTRATIVO	C/C1	ADMINISTRACIÓN XERAL	ADMINISTRATIVO	CONCURSO	COMPLETA
1	TÉCNICO	C/C1	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICO AUXILIAR	CONCURSO	COMPLETA

**3.- ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL PERSOAL LABORAL FIXO**

Nº	PRAZA	GRUPO CLASIFICACIÓN	SISTEMA SELECTIVO	XORNADA
1	AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	2	CONCURSO	COMPLETA
1	TRABALLADOR/A SOCIAL	2	CONCURSO	COMPLETA
1	CAPATAZ	8	CONCURSO	COMPLETA
3	OFICIAL 1º ALBANEL	8	CONCURSO	COMPLETA
1	OFICIAL 2º ALBANEL	8	CONCURSO	COMPLETA
1	LIMPADOR/A DE EDIFICIOS PÚBLICOS	10	CONCURSO	COMPLETA
1	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	10	CONCURSO	PARCIAL (27,5 H/SEM)
9	AUXILIARES AXUDA NO FOGAR	10	CONCURSO OPOSICIÓN	COMPLETA

**TERCEIRO.** Facer pública esta oferta de emprego, mediante a súa publicación no Boletín Oficial da provincia e no Diario Oficial de Galicia, ao abeiro do artigo 70 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto do empregado público.

**CUARTO.** Publicar o presente acordo na sede electrónica e notificalo aos funcionarios que desempeñen postos nas prazas obxecto da oferta.

**QUINTO.** Trasladar o presente acordo á Administración Xeral do Estado, a través da Subdelegación do Goberno, e á Xunta de Galicia, aos efectos do sinalado no artigo 56.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

**SEXTO.-** De conformidade co preceptuado no artigo 2 da Lei 2/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá de producirse antes do 31 de decembro de 2022, así como a resolución destes procesos selectivos deberá finalizar antes do 31 de decembro de 2024.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de UN MES, ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de DOUS MESES a contar desde o día seguinte da súa notificación ou publicación. Se se opta por interpoñer o recurso de reposición, non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de que se poda interpoñer calquera outro recurso que se estime oportuno a teor do artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Pedrafita do Cebreiro, 13 de maio de 2022.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1285

## O SAVIÑO

## Anuncio

**Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal (Lei 20/2021, de 28 de decembro).**

Mediante Resolución de Alcaldía deste Concello, de data 20 de maio de 2022, (Decreto 2022-0139) aprobouse a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal, que cumpre as previsións da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, correspondente as prazas que a continuación se relacionan:

**PERSOAL FUNCIONARIO**

DENOMINACION	Nº VACANTES	GRUPO/ SUBGRUPO	CLASIFICACION	SUBESCALA	FORMA DE PROVISION	XORNADA
Administrativo/a -Tesourería	1	C / C1	Escala de Administración Xeral	Administrativa	Concurso	Tempo completo

**PERSOAL LABORAL**

DENOMINACIÓN	Nº VACANTES	FORMA DE PROVISION	XORNADA
Traballador/a Social	1	Concurso	Tempo completo
Azafata Información Xuvenil.	1	Concurso	Tempo completo
Educador/a Familiar	1	Concurso	Tempo completo
Asesor/a Xurídico/a Licenciado/a	1	Concurso	Tempo completo

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; do artigo 70.2 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro; e do disposto no artigo 2.2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, publícase a oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello de O Saviño.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Alcalde, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se opta por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime máis conveniente a dereito.

O Saviño, 20 de maio de 2022.- O Alcalde. Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1315

## TABOADA

## Anuncio

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 24 DE MAIO DE 2022 POLA QUE SE APROBA A LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE XESTIÓN POLO PROCEDIMENTO DE PROMOCIÓN INTERNA, E POR SISTEMA DE OPOSICIÓN RESTRINXIDA, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE TABOADA PARA O ANO 2022.**

Conforme as BASES E CONVOCATORIA PARA PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE XESTIÓN POLO PROCEDIMENTO DE PROMOCIÓN INTERNA, E POR SISTEMA DE OPOSICIÓN RESTRINXIDA, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE TABOADA PARA O ANO 2022 aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 6 de abril de 2022 publicadas no BOP de Lugo nº 88 de data 19 de abril de 2022 e nº 91 de data 22 de abril de 2022 e examinado o expediente do aspirante ACORDO:

**PRIMEIRO:** Admitir ao aspirante presentado e aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos nas seguinte relación.

### 1. Admitidos

APELIDOS DE NOME	DNI
FERNANEZ LOPEZ JOSE MANUEL	**6180***Q

### 2.- Excluídos

*Ningún.*

**SEGUNDO:** Prazo de emendas

Poderanse emendar as deficiencias na documentación, de ser o caso, no prazo de dez días contados a partires do seguinte ao da publicación da presente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As emendas presentaranse durante o prazo anteriormente citado, ben directamente nas oficinas municipais do Concello de Taboada ou a través dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

**TERCEIRO:** Ordenar a publicación da presente Resolución no BOP (Boletín Oficial da Provincia de Lugo), no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Taboada (<http://www.concellotaboada.ess>)

**CUARTO:** Dar conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

En Taboada a 24 de maio de 2022.- O alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 1316

## TRABADA

### Anuncio

#### APROBACIÓN DA OFERTA EXTRAORDINARIA DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE TRABADA NO BOP LUGO.

Por Resolución de Alcaldía número 180/2022 de data 18 de maio de 2022 aprobouse a oferta extraordinaria de estabilización de emprego público do Concello de Trabada ao abeiro do artigo 2 e DA 6º e 8º da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público que establece o seguinte:

#### “RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

*Vista a Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público que establece de maneira literal que “Las Administraciones Públicas convocarán, con carácter excepcional y de acuerdo con lo previsto en el artículo 61.6 y 7 del TREBEP, por el sistema de concurso, aquellas plazas que, reuniendo los requisitos establecidos en el artículo 2.1, hubieran estado ocupadas con carácter temporal de forma ininterrumpida con anterioridad a 1 de enero de 2016.*

*Estos procesos, que se realizarán por una sola vez, podrán ser objeto de negociación en cada uno de los ámbitos territoriales de la Administración del Estado, Comunidades Autónomas y Entidades Locales y respetarán, en todo caso, los plazos establecidos en esta norma....”*

*Visto o establecido no artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público que establece, entre outras cuestión, de maneira literal que “2. Las ofertas de empleo que articulen los procesos de estabilización contemplados en el apartado 1, así como el nuevo proceso de estabilización, deberán aprobarse y publicarse en los respectivos diarios oficiales antes del 1 de junio de 2022 y serán coordinados por las Administraciones Públicas competentes. La publicación de las convocatorias de los procesos selectivos para la cobertura de las plazas incluidas en las ofertas de empleo público deberá producirse antes del 31 de diciembre de 2022. La resolución de estos procesos selectivos deberá finalizar antes del 31 de diciembre de 2024.*

*Considerando, por tanto, que o obxectivo deste proceso de estabilización de emprego temporal das Administraciones Públicas é que a taxa de cobertura temporal se situe por baixo do oito por cento das prazas estruturais*

Vista o informe de secretaría de data 11 de maio de 2022 onde, unha vez examinada a plantilla de persoal, se especifican cales son as prazas que cumpren os requisitos esixidos legalmente e, por tanto, cales son as prazas que resultan susceptibles de ser incluídas na Oferta de Emprego para a estabilización do emprego temporal e onde se verifica o cumprimento da normativa aplicable a este proceso de estabilización de emprego temporal na Administración Pública;

Visto o informe de Intervención de data 11 de maio de 2022 no que se verifica a existencia de crédito suficiente e adecuado e que dita oferta de emprego público non supón ningún incremento de gasto do capítulo I do orzamento;

Vista a acta da Mesa Xeral de Negociación de data 18 de maio de 2022 no que se informa de maneira favorable a proposta de acordo para a aprobación da OEP para a estabilización de emprego público temporal do Concello de Trabada;

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar a Oferta de Emprego Público do Concello de Trabada para a estabilización de emprego público temporal, coa seguinte relación de prazas:

**PERSOAL LABORAL:**

DENOMINACIÓN	TOTAL PRAZAS	CORPO/ ESCALA	GRUPO LABORAL	ACCESO
Auxiliar Servizo de Axuda no Fogar	3	Administración Especial	V	LIBRE ( Disposición Adicional 6ª )
Auxiliar Servizo de Axuda no Fogar	2	Administración Especial	V	LIBRE ( Artigo 2.1 )
Limpador	1	Administración Xeral	V	LIBRE ( Artigo 2.1 )

**SEGUNDO.** Publicar a Oferta de Emprego Público no taboleiro de anuncios da Corporación, así como na sede electrónica deste Concello ( <https://trabada.sedelectronica.gal> ) no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Diario Oficial de Galicia antes do día 1 de xuño de 2022 ós efectos oportunos.

**TERCEIRO.** A publicación da convocatoria para a cobertura das prazas incluídas na oferta para a estabilización temporal deberá ser antes do 31 de decembro de 2022 e a súa resolución antes do 31 de decembro de 2024.

**CUARTO.** Certificar ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, o número de prazas estruturais ocupadas de forma temporal existente en cada un dos ámbitos afectados.

**QUINTO.-** Dar conta do presente decreto na vindeira sesión ordinaria de Pleno.

En Trabada, o asina a Sra. Alcaldesa ante o Sr. Secretario na data que figura á marxe;"

Trabada, 18 de maio de 2022.- A Alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 1286

## O VALADOURO

### Anuncio

Mediante Resolución de Alcaldía deste Concello aprobouse a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal, segundo o establecido artigo 2 da Lei 20/21, de 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público que correspondente a a/s praza/s que a continuación se apuntan:

**PERSOAL FUNCIONARIO:**

DENOMINACIÓN POSTO	GRUPO
Administrativo/-a Administración Xeral	C1
Administrativo/-a Administración Xeral	C1
Operario/-a mantemento vías e espazos públicos	E

**PERSOAL LABORAL:****DENOMINACIÓN POSTO**

Auxiliar axuda no fogar

Auxiliar axuda no fogar

Auxiliar axuda no fogar

Auxiliar axuda no fogar

Traballador/-a Social

Traballador/-a Social (½ xornada)

Técnico/a Xestión Administración Xeral

Técnico OMIX (Xornada 5 horas/día)

Administrativo Administración Xeral

Administrativo Administración Xeral (Cultura)

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 70.2 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, publícase a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal do Concello de O Valadouro no Boletín Oficial da Provincia.

O Valadouro a 18 de maio de 2022.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 1287

**VIVEIRO***Anuncio*

Aprobación dos padróns fiscais de Taxa de Recollida de Lixo e Canon de Auga (1º trimestre do exercicio 2022) e anuncios de cobranza.

Con data de 13 de maio de 2022 por resolución da Alcaldía procédese á aprobación dos seguintes padróns fiscais :

<u>Obxecto</u>	<u>Exercicio</u>	<u>Importe</u>
Recollida de lixos	1º Trimestre de 2022	311.662,77 €
Canon auga (Xunta)	1º Trimestre de 2022	75.473,98 €

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante a Alcaldesa. Se o recurso non se resolve no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

**Anuncios de cobranza :**

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

- O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día **11 de maio de 2022 ao 11 de xullo de 2022**, ambos inclusive.
- Os contribuíntes poderan aboar os seus recibos en calquera oficina de Abanca, dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán contactar coa oficina de VíaQUA de Viveiro, onde se lles

facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas de: ABANCA, BBVA, SANTANDER, LA CAIXA ou CORREOS.

- Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caxias de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e abvírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciarás o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 18 de maio de 2022.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 1288

## XOVE

### Anuncio

Resolución de Alcaldía número 2022-0404 de 16 de maio de 2022 pola que se somete a información pública a Memoria Xustificativa, Normas de Execución e Especificacións Técnicas así como o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para CONCESIÓN DEMANIAL DO USO PRIVATIVO DE ESPAZOS DE DOMINIO PÚBLICO PARA A INSTALACIÓN DE PUNTOS DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS NO TERMO MUNICIPAL DE XOVE

Logo de instruír polos servizos competentes deste Concello, expediente de concesión administrativa de uso privativo de espazos de dominio público para a instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos no termo municipal de Xove, convócase, segundo o disposto no artigo 87 do RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, por prazo de trinta días, trámite de información pública, a fin de que quen poidese terse por interesado no devandito expediente, poda visitar as instalacións así como comparecer e formular cantas alegacións, suxestións ou reclamacións teñan por convinte.

Á súa vez estará a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello, <https://xove.sedelectronica.gal>.

Xove a 16 de maio de 2022.- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1289

## MANCOMUNIDADE TERRA CHÁ

### Anuncio

Oferta de emprego público do 2022 para a estabilización do emprego temporal.

Aprobada por Resolución de Presidencia de 12 de maio.

ESTABILIZACIÓN 2022					SISTEMA DE ACCESO	
Nº	PRAZAS ESTRUCTURALES	VÍNCULO DA PRAZA	XORNADA	VÍNCULO DO EMPREGADO QUE OCUPA A PRAZA ACTUALMENTE	CONCURSO	CONCURSO-OPOSICIÓN
					D.A.6ª-01/01/2016 D.A. 8ª-01/01/2016	ART 2 Lei 20/2021 31.10.2017
3	TRABALLADORA SOCIAL	LABORAL	COMPLETA	TEMPORAL	X	
1	TRABALLADORA SOCIAL	LABORAL	PARCIAL	TEMPORAL	X	
1	OFICIAL DE 1ª-CONDUCTOR	LABORAL	COMPLETA	TEMPORAL	X	
1	ADMINISTRATIVA	FUNCIONARIO	COMPLETA	INTERINO		X

Cospeito, 13 de maio de 2022.- Presidente, Armando Castosa Alvariño.

R. 1290

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**  
**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS**

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

**EXPEDIENTE: V/27/01317-1**

PETICIONARIO : Juan Manuel Barreiro Vigo  
VERTIDO  
DENOMINACIÓN : Vivienda en Bouzas  
LOCALIDAD : Bouzas Bonxe (San Mamede)  
TÉR. MUNICIPAL : Outeiro de Rei  
PROVINCIA : Lugo  
RÍO/CUENCA : Sta. Marta de/Sta. Marta de

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Bouzas" - "Juan Manuel Barreiro Vigo", con un volumen máximo anual de 186,000 m<sup>3</sup>.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Decantador – digestor.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 18 de mayo de 2022.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS,  
Diego Fompedriña Roca.

R. 1291